

ACTIVIDADES ABERTAS A TODA A POBOACIÓN

“EN FORMA AO AIRE LIBRE”

IOGA (luns) e ZUMBA (mércores hábiles), no parque Rosalía de Castro (punto de encontro:escaleiras de baixada ás costas)

ZUMBA (martes) e IOGA (xoves), na Praza de Augas Férreas

Datas e horario: meses de xullo e agosto, das 11:00 ás 12:00 h.

Non é precisa inscrición previa.

“BICIS A PUNTO”

Obradoiro de reparación de bicicletas. Terá lugar os martes do mes de xullo, das 17:00 ás 18:30 horas nas instalacións do Mercado Municipal (r/Quiroga Ballesteros). De balde e sen inscrición previa.

“EXCURSIÓNS DE VERÁN”

Actividades dirixidas a toda a poboación, en especial familias, que teñen por finalidade ofrecer unha alternativa cultural e de lecer.

NORMAS DE INSCRICIÓN: as solicitudes tramitaranse no centro **Lamas de Prado** entre os días **25 e 29 de xuño (incluídos)**, en horario das **10:00 ás 13:00** horas.

Requisitos:

1. Estar empadroada/o no municipio de Lugo.
2. Admitirse unha soa inscrición por persoa, agás no caso de persoas da mesma unidade familiar, coa presentación do número do DNI. As prazas adxudicaranse segundo a orde de presentación das solicitudes. Pasado o prazo sinalado, as vacantes cubriranse libremente ata completar prazas.
3. No caso de persoas con mobilidade reducida, deberán de especificalo no intre da inscrición para os efectos de habilitar o transporte axeitado, o cal reducirá o número de prazas totais, podendo baixar das 55 iniciais.

As/Os nenas/os menores de idade irán acompañadas/os dunha persoa adulta.

Prezo: **4,12 €** (pagado segundo o modelo 603, que se devolverá ao centro no mesmo día da inscrición ou no seguinte).

O xantar é por conta das persoas participantes.

PROGRAMA:

DESTINO	DATA
As Pontes-Cedeira	5 de xullo
Betanzos-Pontedeume	19 de xullo
A Pontenova-Ribadeo	9 de agosto
Mondoñedo-Foz	23 de agosto


•Saída: 09:00 horas, diante da Praza do Castiñeiro.

•Regreso: aprox. ás 21:00 horas.




Concello de Lugo
Área de Benestar Social,
Igualdade e Inclusión

Verán 2018



CENTROS DE CONVIVENCIA MUNICIPAIS

* FINGOI	982 29 74 55
* LAMAS DE PRADO	982 29 74 50
* MARÍA BALTEIRA	982 29 74 58
* MARUJA MALLO 	982 29 75 05
* MILAGROSA	982 29 74 10
* SAGRADO CORAZÓN	982 29 74 60
* UXÍO NOVONEYRA	982 29 74 92

ACTIVIDADES INFANTÍS

“VERÁN NOS CENTROS”

- Contido: realización de diferentes xogos e propostas lúdico-educativas para nenas e nenos en distintos centros municipais, que poden trasladarse ao exterior, tales como xogos cooperativos, traballos manuais, psicomotricidade, educación ambiental, xogos musicais e outros.

NORMAS DE INSCRICIÓN

- - Prazo: do 11 ao 13 de xuño (ambos os dous inclusive), en horario das 10:00 ás 13:00 horas. Cada centro de convivencia tramitará as súas propias solicitudes, agás o CC. da Milagrosa no que se tramitarán ademais as correspondentes ao CC María Balteira.
- - Adxudicación das prazas: por sorteo, que se celebrará o día 14 de xuño.
- - Importe da cota: 1,03 euros/día (por quincenas de forma íntegra, con independencia dos días e horas de asistencia efectiva).
- - Bonificación: 50% da cota para a/o segunda/o filla/o. A/O terceira/o filla/o dunha mesma unidade de convivencia quedará exenta/o do pagamento, previa xustificación e sempre e cando os ingresos da unidade familiar ou de convivencia non superen dúas veces o IPREM: 7.519,59€ ano (14 pagas), salvo situacións socioeconómicas sobrevidas.
- - Ingreso da cota: as persoas que obtiveran praza ingresarán **entre os días 14 e 15 de xuño** o importe da cota, para o que se lles facilitará un modelo de autoliquidación nos centros de convivencia municipais. O ingreso poderase efectuar en calquera destas entidades financeiras: Abanca, BBVA, La Caixa ou Banco Sabadell. **Nese mesmo prazo** presentarán o **resgardo de pagamento** no centro no que formularan a súa solicitude.
- - Documentación que hai que achegar: data de nacemento da/o menor e número do DNI/NIF/PASAPORTE/PERMISO DE CONDUCIR da nai/pai/titora ou titor legal da menor ou menores solicitante/s.

VERÁN EN...	IDADE(*)	HORARIO	PAZAS
UXÍO NOVONEYRA	4 A 7 ANOS	10:30 A 13:30 H	20
FINGOI	4 A 11 ANOS	10:00 A 13:30 H	
MARÍA BALTEIRA		09:00 A 14:00 H	
LAMAS DE PRADO			
MILAGROSA	3 A 8 ANOS	8:45 A 14:15 H	25
MARUJA MALLO			

- Prioridade na inscrición:

- a) Persoas derivadas polos Servizos Sociais do Concello de Lugo. Resérvase un máximo dun 40% das prazas para persoas con diversidade funcional e outros colectivos de usuarias/os dos servizos sociais comunitarios, segundo o criterio da persoa responsable de animación sociocultural e tras a derivación da/o profesional da Área de Benestar Social, Igualdade e Inclusión que corresponda.
- b) Persoas empadroadas no Concello de Lugo, en xeral.
- c) Outras nenas e nenos, sempre e cando queden prazas vacantes

DESENVOLVEMENTO: terán lugar nos centros que se indican nos recadros inferiores durante as dúas quincenas, respectivamente, dos meses de xullo e agosto, de luns a venres, primeiro e último día incluídos.

- Primeira quincena de xullo: do 2 ao 13 (10 días)
- Segunda quincena de xullo: do 16 ao 31 (11 días)
- Primeira quincena de agosto: do 1 ao 14 (10 días)
- Segunda quincena de agosto: do 16 ao 31 de agosto (12 días)

“VERÁN DEPORTIVO NO UXÍO”

- Contido: actividade que se realizará no centro Uxío Novoneyra. Consistirá no desenvolvemento de diferentes dinámicas deportivas e lúdicas (correr, patinaxe, xogos tradicionais,...) no exterior, principalmente en zonas verdes próximas ao contorno do centro social. No caso de que as condicións meteorolóxicas sexan desfavorables, a actividade terá lugar nas instalacións do centro municipal.

NORMAS DE INSCRICIÓN: as mesmas que para a actividade “VERÁN NOS CENTROS”

VERÁN DEPORTIVO NO UXÍO	IDADE(*)	HORARIO	PAZAS
UXÍO NOVONEYRA	8 A 11 ANOS	10:30 A 13:30 H	20

(*) É preciso cumprir o requisito da idade na data de formalización da solicitude.